

"L.H.O.O.Q." (Duchamp)

DATOS TÉCNICOS DA OBRA.

Cronoloxía: 1919

Autor: Marcel Duchamp

Estilo: Dadaísmo

CONTEXTO CULTURAL E ARTÍSTICO.

A renovación que provocaron na arte a finais do XIX os novos artistas, foi o caldo de cultivo no que xurdiu a ampla variedade de tendencias ou "ismos" das novas vangardas do século XX.

O termo "Dadá" fora elixido ao azar dun dicionario e carece de significado especial. Supón o uso da burla como medio para destruír os principios artísticos máis afianzados.

O dadaísmo xurdiu en Zurich (Suíza) durante a Primeira Guerra Mundial, como actitude de rexeitamento ante a realidade circundante por parte dun grupo de xoves artistas entre os que se atopaban Hans Arp e Tristan Tzara. Estes propuxeron solucións subversivas e anárquicas ante os criterios artísticos tradicionais, e chegaron a falar incluso de a "fin da arte".

Os dadaístas reivindicaban os obxectos industriais, a imprenta, o cine, o sexo e, sobre todo, a festa, o espectáculo e o humor.

En Nova York, Francis Picabia, Man Ray e Marcel Duchamp crearon un grupo artístico semellante ao suízo. En 1918 ámbolos dous grupos uníronse, deixando sentir a súa influencia por toda Europa.

O Dadaísmo aportou á arte actual a súa eterna provocación, a importancia da imaxinación, unha nova estética e a validez do proceso creativo. Foi un precursor dos happenings e das performances.

Marcel Duchamp (1887-1968), pintor franco-americano, foi un excepcional exemplo da arte dadaísta. Cun espírito transgresor, formouse no Futurismo, rachando co Cubismo en 1912 coa polémica pintura "Espido baixando a escaleira" (que amosaba a dinámica do movemento, pero non o espido).

Nesa mesma década revolucionou o mundo artístico ao presentar como obras de arte unha serie de obxectos cotiás (rodas de bicicleta, taburetes, urinarios, pranchas...), os chamados "ready-made", termo que supón que calqueira obxecto que elixa un artista, independentemente do seu valor artístico, pode ser considerado "arte", xa que o que importan son as ideas, como exemplificou a súa célebre "Fonte" (un urinario de porcelana branca).

ANÁLISE FORMAL DA OBRA.

L.H.O.O.Q. é unha obra de arte de Marcel Duchamp realizada en 1919. É un dos ready-mades de Duchamp. Os ready-mades son obxectos producidos en serie, normalmente destinados a un uso utilitario e alleos á arte que se transforman en obras de arte polo mero feito de que o artista os elixa e lles cambie o nome, os asine ou simplemente os presente a unha exposición artística. En L.H.O.O.Q. o obxecto é unha tarxeta postal barata (dice que roubada...) cunha reprodución da coñecida obra de Leonardo da Vinci, a Mona Lisa, á que Duchamp dibuxou un bigote e unha perilla cun lapis, poñéndolle ademais un título. Toda unha provocación moi no espírito gamberro do Dadaísmo.

CONCLUSIÓN.

O nome da obra, L.H.O.O.Q. é homófono en francés da frase «Elle a chaud au cul», literalmente «Ela ten o cu quente», que podería traducirse como «Ela está excitada sexualmente».

Duchamp realizou varias versións de L.H.O.O.Q. de diferentes tamaños e soportes. Unha de ellas, é unha reprodución en branco e negro da Mona Lisa sen bigote nin perilla que chamou "L.H.O.O.Q. Afeitada".

